

ACTIVIDADE DE AULA:

OS MITOS DO AMOR ROMÁNTICO

(Para o curso: S1803003 Comunicar en igualdade)

Arturo José Vizcarra Trillo

IES Manuel García Barros

A Estrada, Pontevedra

10 de abril do 2019

CONTEXTUALIZACIÓN

Esta actividade educativa sobre a igualdade de xénero, baseada nos principios da Educomunicación, ten como título «Os mitos do amor romántico».

Foi desenvolvido, en parte, no IES Manuel García Barros, da Estrada, Pontevedra, en «Antropoloxía social e cultural», materia de libre configuración autonómica de elección para o centro, optativa para 2º de bac. en todas as súas modalidades.

No cadro inferior indicamos, marcándoos en negriña, os estándares da programación oficial, aprobada pola Inspección Educativa, aos que esta actividade faría referencia:

CONTIDOS DA MATERIA
Bloque I: As bases da antropoloxía social e cultural
Unidade 1: A antropoloxía como ciencia
Temas: Natureza da antropoloxía: etimoloxía; obxecto de estudo; a actitude antropolóxica. Polas da antropoloxía. Clasificación da antropoloxía como ciencia. Os métodos da antropoloxía: traballo de campo; etnografía; perspectiva EMIC e perspectiva ETIC. Socialización: cultura e características innatas do ser humano.
Unidade 2: A relación co medio
Temas: Os problemas sociais básicos: relación co medio e reprodución. Antropoloxía da alimentación. Antropoloxía da vivenda. Antropoloxía da vestimenta. Antropoloxía das actividades de traballo e da técnica.
Bloque II: A estrutura social
Unidade 3: A organización social da reprodución
Temas: A evolución da ordenación social sexual. A formación social do xénero. Patriarcado e sumisión feminina. O matrimonio, tipos de matrimonio, institucións relacionadas co matrimonio. Modo de elección de consorte: endogamia, exogamia, sistemas abertos. A familia: tipos de familia por relación; tipos de familia por localización. O parentesco: relacións de consanguinidade, relacións de afinidade.
Unidade 4: A estrutura social
Temas: Estratificación social. O status social e os roles. Os procesos sociais de formación da personalidade. Os grupos sociais.
Unidade 5: Festas, ritos e cerimoniais
Temas: Festas: cíclicas ou estacionais, patronais, relixiosas, laicas... Ritos: ritos agrícolas (solsticios e equinocios, a colleita, a chuvia...), ritos de paso (nacemento, puberdade, matrimonio, morte), de perdón, de agradecemento, de purificación e liberación, de iniciación...
Bloque III: A organización social da mentalidade
Unidade 6: A organización social da interpretación da realidade
Temas: Mito e relixión. Maxia e bruxería. Os sistemas racionais: filosofía e ciencia. A medicina tradicional: sanadores, enfermidades físicas e psíquicas, remedios naturais e psíquicos. Toponimia e organización do espazo. A organización social do tempo.
Unidade 7: A organización social da conduta ética e política
Temas: A organización social da ética: os valores, as normas e as sancións (espontáneas: fama, respecto, cortesía, rexoubeo, burla, etc.; organizadas: ás leis). A organización social do poder político: dominación e de sometemento; relacións de poder; a evolución do poder político.
Unidade 8: Folclore
Temas: Tradición oral: lingua, lendas, expresións populares, refráns, seres do imaxinario popular. Tradición técnica: artesanía e arte. Tradición musical: cantigas e bailes.

ÍNDICE

—Fase 1: Introducción

—Fase 1.1: Análise dun anuncio publicitario

—Fase 1.2: Cuestionario oral dirixido

Temporalización. Unha sesión de entre 10' e 20'.

Obxectivo. O que se busca é que o alumnado chegue, por si mesmo, á comprensión de que o seu pensamento, e o coñecemento que produce, está situado, é dicir, facéndoo consciente da construción cultural do seu pensamento, nomeadamente respecto ao amor romántico.

Metodoloxía. Debemos traballar co grupo completo. Primeiro amosarase un anuncio publicitario de Bacardí con Coca-Cola, e se lle pedirá ao grupo que observe con atención durante uns segundos. A partir de aí, se lles irán facendo, de forma oral, unhas preguntas que se poden acompañar de suxestións e que se deben concretar en reflexións.

Material. Só precisamos a imaxe publicitaria e un cuestionario dirixido.

—Fase 2: Reflexión

—Fase 2.1: Cuestionario por escrito

—Fase 2.2: Posta en común e relación cos mitos do amor romántico

Temporalización. Dúas sesións de 50'.

Obxectivo. O que se busca é que o alumnado chegue a comprender o entramado ideolóxico que sustenta o amor romántico para que desenvolva a capacidade de captar e defenderse dos seus perigos, establecendo as conexións que poidan existir coa violencia machista.

Metodoloxía. Primeiro se lle presenta ao alumnado unha serie de frases que recollan mitos do amor romántico, e se lles pide que expresen por escrito, de forma individual, se están de acordo ou non co que din as frases, e que expliquen brevemente as razóns. Logo fariamos unha posta en común, dirixida polo docente, na que, unha a unha, iremos relacionando as frases con mitos do amor romántico e reflexionando sobre cada un deses mitos.

Material. Só precisamos un cuestionario e un cadro de relacións das frases que analizaron con mitos do amor romántico.

—Fase 3: Elaboración e reflexión

—Fase 3.1: Elaboración de vídeos curtametraxe sobre mitos do amor romántico

—Fase 3.2: Visualización dos vídeos curtametraxe sobre mitos do amor romántico e reflexión sobre elas

Temporalización. Cinco sesións de 50' (é un cálculo aproximado)


Obxectivo. O que se busca é que o alumnado experimente, usando medios audiovisuais, os mitos, límites e contradicións do amor romántico, a partir da súa propia creatividade e do traballo en equipo.

Metodoloxía. Traballaremos en grupos de entre cinco e oito persoas. Primeiro se lles fará a proposta de composición dun vídeo curtametraxe sobre os mitos do amor romántico, logo se lles darán unha pautas para a súa elaboración, rodaranse, e finalmente verémolos na aula, para reflexionar sobre eles.

Material. Precisamos material para gravación de vídeo e audio, e ordenadores con programas para edición de vídeo e audio.

Fase 1.1: ANÁLISE DUN ANUNCIO PUBLICITARIO

Observa con atención este anuncio:



Fase 1.2: CUESTIONARIO ORAL DIRIXIDO

Contestade ás seguinte preguntas:

1. Onde está feita a foto?

—suxestión: nas Illas Cíes?, na praia de Gures?, etc.

—resposta: no Caribe...

Reflexión: o Caribe é un lugar mental inducido.

2. Cantas persoas hai?

—suxestión: non se ve a ninguén, poderían ser dous cans?, etc.

—resposta: dúas persoas.

3. Sabedes o xénero desas persoas?

—suxestión: dúas mulleres?, dous homes?, etc.

—resposta: unha muller e un home.

4. Sabedes a idade desas persoas?

—suxestión: ela ten sesenta e tres anos e el cinco?, etc.

—resposta: son as dúas novas (unha idade ideal de entre vinte e trinta anos).

5. Sabedes a relación que une a esas persoas?

—suxestión: son irmáns?, son nai e fillo?, son amigas?, etc.

—resposta: son parella.

Reflexión: a parella heterosexual de persoas novas como modelo mental inducido.

6. Sabedes o aspecto físico desas persoas?

—suxestión: ela é calva e xorobada e el é trengo e birollo?, son negros?, ou de rasgos asiáticos?, etc.

—resposta: son dúas persoas brancas e guapas

Reflexión: a beleza como modelo mental inducido, xeralmente sexista.

7. Sabedes en que traballan cada unha desas persoas?

—suxestión: ela é repoñedora nun almacén e el caixeiro de Mercadona?, etc.

—resposta: ben pagado, sen grande esforzo, creativo, con prestixio social, non alienante, etc.

Reflexión: a actividade laboral como modelo mental inducido, xeralmente sexista.

8. Sabedes en que estado anímico se atopan esas persoas?

—suxestión: non se ve a ninguén, poderían ser dous cans?

—resposta: están namoradas e son felices.

Reflexión: o amor romántico e o ideal de felicidade como modelos mentais inducidos.

Fase 2.1: CUESTIONARIO POR ESCRITO

Indica se estás ou non de acordo co que din estas frases, e explica as razóns:			
Frase	Si	Non	Razóns
1. O amor é maxia			
2. O amor é o máis importante na vida			
3. Unha persoa solitaria é unha persoa infeliz			
4. Se alguén me quere de verdade, ten que estar pendente de min			
5. As rapazas e os rapaces non viven o amor da mesma forma			
6. Se hai amor, todos os problemas da parella se poden solucionar			
7. O verdadeiro amor é eterno			
8. Só os que forman a parella saben de verdade o que se queren			
9. Se a miña parella amosa celos é que me quere de verdade			
10. Se penso noutras persoas é porque xa non quero á miña parella			
11. Por amor sacrificaría calquera cousa			
12. No amor, sempre hai alguén que che está destinado			
13. As infidelidades son unha proba de que non hai amor			
14. Con amor podes cambiar a calquera persoa			
15. Se queres de verdade tes que sufrir			
16. A miña parella, ás veces, insúltame, pero é porque me quere			
17. A parella perfecta sempre é a que che complementa			
18. Non se pode ser feliz se non se ten unha relación de parella			

Fase 2.2:

POSTA EN COMÚN E RELACIÓN COS MITOS DO AMOR ROMÁNTICO

Mito: o dimorfismo sentimental. A crenza de que o xénero determina a forma de vivir e expresar o amor. 5. As rapazas e os rapaces non viven o amor da mesma forma
Mito: a media laranxa. A crenza de que existe unha única elección correcta, a que tiñamos predestinada. De que o amor non é vontade senón destino. 12. No amor, sempre hai alguén que che está destinado 17. A parella perfecta sempre é a que che complementa
Mito: a posesión. A crenza de que os comportamentos posesivos, mesmo violentos, son un signo de amor, e mesmo un requisito indispensable dun verdadeiro amor. 9. Se a miña parella amosa celos é que me quere de verdade 16. A miña parella, ás veces, insúltame, pero é porque me quere
Mito: a entrega. A crenza de que te debes á persoa amada. 4. Se alguén me quere de verdade, ten que estar pendente de min 11. Por amor sacrificaría calquera cousa
Mito: a liberdade intrínseca. A crenza de que o sentimento amoroso é íntimo e non está influído por outros factores (sociais, biolóxicos e culturais). 8. Só os que forman a parella saben de verdade o que se queren
Mito: o sufrimento. A crenza de que o verdadeiro amor produce tamén dor, ansiedade e sufrimento. 15. Se queres de verdade tes que sufrir
Mito: a paixón. A crenza en que o amor, que é un sentimento, e o namoramento, que é unha paixón, son equivalentes e que se unha persoa deixa de estar apaixonadamente namorada é porque xa non ama á súa parella. 10. Se penso noutras persoas é porque xa non quero á miña parella 1. O amor é maxia
Mito: a omnipotencia. A crenza de que o amor é un requisito suficiente para solucionar todos os problemas dunha parella. 14. Con amor podes cambiar a calquera persoa 6. Se hai amor, todos os problemas da parella se poden solucionar 2. O amor é o máis importante na vida
Mito: a monogamia. A crenza de que a parella é algo natural e universal que debe levar á unión estable, e daquela que as persoas que se desvíen da norma é porque teñen algún problema. 18. Non se pode ser feliz se non se ten unha relación de parella 3. Unha persoa solitaria é unha persoa infeliz
Mito: a fidelidade. A crenza de que o desexo debe satisfacerse coa propia parella. 13. As infidelidades son unha proba de que non hai amor
Mito: a eternidade. A crenza de que o amor, se é o correcto, pode e debe perdurar sempre. 7. O verdadeiro amor é eterno

Fase 3.1:

ELABORACIÓN DE VÍDEOS CURTAMETRAXE SOBRE MITOS DO AMOR ROMÁNTICO

1. PAUTAS PARA A ELABORACIÓN DUN GUIÓN

- Sinopse argumental. Preséntase a idea do guión ou a historia básica.
- Guión secuencial. Presenta, de xeito xeral, as secuencias da película, desenvolvendo a sinopse argumental. Adoita incluír:
 - a duración do guión,
 - a ubicación espacial,
 - a estrutura temporal: liñal, con flash-backs ou flash-forward,
 - a xustificación da historia,
 - as tramas da historia,
 - os bloques nos que se divide a trama,
 - o tratamento particularizado dos personaxes,
- Guión literario. Presenta o guión sen indicacións técnicas, dividido por secuencias e coas accións básicas e as liñas de diálogo.
- Guión técnico. Faise sobre o anterior, detallando a posta en escena: planos, angulacións, fotografía, iluminación, son...
- Guión gráfico ou «story board». Representa con debuxos os planos e secuencias. Sirve para planificar visualmente e para clarificar as funcións do equipo técnico respecto fundamentalmente ao encadre, á angulación de cámara, e tamén, aínda que resulte máis complexo, aos movementos de cámara, á iluminación e á montaxe.
- Plan de rodaxe. Especifica a orde en que van ser rodados os planos, coa localización, e todos os detalles técnicos.

RESULTADO: O grupo elabora o guión

2. PAUTAS PARA A ORGANIZACIÓN DAS FUNCIÓNS

- Dirección: axudante de dirección, cámara, script
- Fotografía: cámara, iluminación...
- Interpretación: actrices e actores, cameos, figurantes, dobres...
- Son: gravación de son, edición de son, banda sonora...
- Edición (incluirla títulos, efectos visuais, subtitulación...)
- Dirección artística: escenografía, vestiario, perruquería e maquillaxe
- Producción: intendencia, material...

RESULTADO: O grupo reparte as funcións

3. ELABORACIÓN DOS VÍDEOS CURTAMETRAXE

Fase 3.2:

VISUALIZACIÓN DOS VÍDEOS CURTAMETRAXE SOBRE MITOS DO AMOR ROMÁNTICO E REFLEXIÓN SOBRE ELAS

Finalmente veremos, na aula, o resultado do traballo do alumnado, e despois de cada visualización, reflexionaremos, en forma de debate, sobre eles.